

BANDO

Con motivo da pandemia do novo coronavirus, e en consonancia coas medidas aprobadas polas autoridades sanitarias para conter o avance do contaxio; o Concello das Neves **acorda**:

1. Cancelar todos os actos, reunións e citas de lecer, deportivas, culturais, sociais e veciñais organizadas no concello dende hoxe, 12 de marzo e ata novo aviso.
2. Suspende tamén toda a actividade nos centros dependentes do Concello.
3. Restringir o acceso presencial ás oficinas do Concello para realizar só aqueles trámites administrativos urxentes e/ou imprescindibles, e optar pola xestión a distancia, chamando ao 986.64.80.38 ou accedendo á páxina web www.asneves.gal.
4. Recomendar a todas as organizacións, asociacións, clubs e entidades que teñan previsto actos deste tipo, que tamén os desconvoquen.

Ademais, aconséllase a toda a poboación que faga só os desprazamentos estritamente necesarios e siga os consellos de hixiene recomendados polas autoridades sanitarias.



Que debes saber do novo Coronavirus?

Os Coronavirus son virus que circulan entre os animais mais algún deles tamén poden afectar aos humanos

O novo Coronavirus identificouse en China a finais de 2019 e é una nova cepa que non se vira antes nos seres humanos

Os **síntomas** máis comúns da enfermidade polo Coronavirus (COVID-19) son:

- FEBRE
- TOSE
- SENSACIÓN DE FALTA DE AIRE

TELÉFONO DE INFORMACIÓN PARA CIDADÁNS

900 400 116

Medidas para protexernos do coronavirus

- Lavar as mans frecuentemente
- Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca
- Ao tusir cubrir a boca cun pano desbotable ou contra o brazo co cóbado flexionado.
- Con síntomas respiratorios evitar o contacto próximo con outras persoas

AO CHEGAR OU EN CONTACTO CUNHA PERSOA QUE VEÑA DUNHA VIAXE A UN ÁREA DE RISCO

+ SÍNTOMAS

Non acudir directamente ao hospital ou Centro de Saúde senón **CONTACTAR TELEFONICAMENTE co 061**





Asinado electronicamente á data que figura na marxe,
O Alcalde-Presidente
Xosé Manuel Rodríguez Méndez

